



# BOLETÍN RSU SETEMBRO 2021

## UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS



*A iniciativa céntrase en prolongar o consumo de produtos de tempada de proximidade.*

## ESTUDANTES DE CIENCIAS COLABORARÁN CON ENTIDADES RURAIS PARA MELLORAR O PROCESADO E CONSERVACIÓN DE FROITAS E VERDURAS DE PROXIMIDADE

DUVI OURENSE 02/09/2021

Profesorado da Facultade de Ciencias do campus de Ourense e Adercou, grupo de desenvolvemento rural que agrupa a 17 concellos limítrofes da cidade de Ourense, porán en marcha este curso académico o proxecto Conservando Km 0. Nel alumnado universitario e asociacións rurais colaborarán para mellorar o procesado e conservación de froitas e verduras de proximidade cando acadan o seu máximo de produción cada tempada. [+info](#).



*A actividade mestura conferencias e visitas a entidades da contorna*

## UN CURSO DE ECONOMÍA SOCIAL NO RURAL REACTIVA A PROGRAMACIÓN DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

DUVI OURENSE 07/09/2021

Comeza o curso académico 2021/22 e entre a oferta complementaria que xa teñen á súa disposición no campus de Ourense os membros da comunidade universitaria e a cidadanía en xeral están os cursos de extensión universitaria que arrancaron o pasado mes de xullo, os coñecidos como cursos de verán. Baixo o título *Estratexias para o desenvolvemento do medio rural: unha visión dende a economía social*, xa está a celebrarse o primeiro deles. [+info](#).



## UN MODELO EFICIENTE DE XESTIÓN ENERXÉTICA A TRAVÉS DA APLICACIÓN DA TEORÍA DE XOGOS COOPERATIVOS

M. DEL RÍO DUVI 07/09/2021

O sector enerxético mundial atópase nun proceso de profunda transformación con dous retos fundamentais. Por unha banda, achegar a electricidade aos 1000 millóns de persoas que aínda carecen dela e aos 3000 millóns de persoas que empregan combustibles contaminantes e, por outra, desenvolver as fontes renovables de enerxía. [+info](#).



A actividade mestura conferencias e visitas a entidades da contorna

## 50 ACTIVIDADES PARA REACTIVAR O TECIDO ECONÓMICO E CULTURAL DE PONTEVEDRA

DUVI PONTEVEDRA 08/09/2021

Contribuír á reactivación da vida cultural, académica e económica de Pontevedra é o propósito central do programa de actividades que a Vicerreitoría do campus e a Concellaría de Promoción Económica e Universidade impulsarán nos próximos meses, ao abeiro do convenio recentemente asinado entre a UVigo e o Concello de Pontevedra para o desenvolvemento de actividades nos ámbitos da cultura, educación, deporte, medio ambiente e novas tecnoloxías. [+info](#).



Celébrase dende hoxe e ata o venres en Vila do Conde

## O PROXECTO RURALURE ORGANIZA UN CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE PROMOCIÓN DA RIQUEZA CULTURAL E DOS MUSEOS NO EIDO RURAL

M. DEL RÍO DUVI 08/09/2021

As rutas de peregrinación foron, sobre todo dende a Idade Media, unha vía de vetebración de territorios e de transmisión cultural e artística. As que hoxe en día perduran supoñen un importante polo de atracción de viaxeiros, aínda que moitas veces as contornas rurais que as rodean quedan á marxe deste impulso turístico. O [proxecto europeo rurAllure](#), liderado pola Universidade de Vigo dentro da convocatoria H2020 da Comisión Europea, naceu precisamente co obxectivo de divulgar e poñer en valor a riqueza cultural que rodea as grandes vías de peregrinación de Europa. [+info](#).



A UVigo participa por primeira vez no 'Urban Mobility Challenge'

## A UVIGO COMPITE NUN RETO DIRIXIDO A FOMENTAR UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE

DUVI PONTEVEDRA 09/09/2021

Diferentes universidades españolas participan, desde o vindeiro xoves 16, no reto *Urban Mobility Challenge*, unha iniciativa dirixida a fomentar unha mobilidade sostible, na que a Universidade de Vigo tomará parte por primeira vez. Ao longo dun mes, alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos poderá rexistrar na aplicación da empresa promotora, [Ciclogreen](#), os desprazamentos que realice aos campus a pé, en bicicleta, en patinete, en transporte público ou en coche compartido. [+info](#).




O decano comisario de Dirección e Xestión Pública é un dos relatores deste programa da FOM

## DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA ESTREITA LAZOS CON COLOMBIA

DUVI PONTEVEDRA 09/09/2021

Promover unha transferencia de coñecemento que contribúa ao fortalecemento do Estado e da gobernanza democrática en Colombia é o obxectivo do Programa Internacional *Estrategias nacionales y regionales de reactivación económica y social*, que Goberna, a Escola de Política e Alto Goberno da Fundación José Ortega y Gasset – Gregorio Marañón (FOM), promove xunto coa Federación Nacional de Departamentos (FND) do país americano e no que se insiren actividades como o seminario no que interviu o decano comisario da futura Facultade de Dirección e Xestión Pública, Enrique Varela. [+info](#).



## UVIGO, USC E UDC POÑEN EN MARCHA O CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN MATEMÁTICAS, CITMAGA

DUVI 09/09/2021

A investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento en todas as áreas das matemáticas constitúen o eido de actuación do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemáticas de Galicia (CITMAGA) que nace como froito da suma de esforzos das tres universidades galegas. UVigo, USC e UDC únense para conformar este novo centro que aspira a converterse nun piar de excelencia científica dentro do ecosistema de innovación e investigación de Galicia. [+info](#).



## A UVIGO AMPLÍA A 18 CURSOS A OFERTA FORMATIVA DA NOVA EDICIÓN DO ITINERARIO VIRTUAL EN XÉNERO

DUVI 10/09/2021

Co obxectivo, por unha banda, de dar resposta ás necesidades de formación en xénero da comunidade universitaria e, por outra, de reforzar o obxectivo da institución académica de converterse nun referente social en igualdade, a UVigo lanza unha nova edición do Itinerario Formativo Virtual en Xénero. [+info](#).



Membros do grupo de investigación Planta, Solo e Aproveitamento de Subprodutos BV1 da UVigo durante o desenvolvemento do curso virtual

## UN CURSO AFONDA NO POTENCIAL DA BIOMASA RESIDUAL COMO FONTE DE PRODUTOS DE ALTO VALOR ENGADIDO

DUVI OURENSE 10/09/2021

Unha trintena de investigadoras e investigadores participan esta semana no curso *Potencial da biomasa residual como fonte de produtos de alto valor engadido: un avance cara a sustentabilidade*, dirixido desde a Facultade de Ciencias do campus de Ourense por Beatriz Gullón, Gil Garrote e Pablo García, do grupo de investigación Planta, Solo e Aproveitamento de Subprodutos BV1 da UVigo. [+info.](#)

4



## 250 PERSOAS PARTICIPARÁN O DOMINGO NO I TRAIL E ANDAINA SOLIDARIA CAMIÑANDO POLO DANO CEREBRAL

DUVI OURENSE 10/09/2021

250 persoas participarán este domingo 12 de setembro no I Trail e Andaina Solidaria Camiñando polo Dano Cerebral, que terá saída e meta nas pistas de atletismo do campus de Ourense. As dúas actividades desenvolverase por sendeiros e camiños do Concello de Ourense e de O Pereiro de Aguiar e o diñeiro recadado terá un fin solidario. [+info.](#)




Noelia Estévez durante a presentación este xoves

## CAMPUS DO MAR PRESENTA O PROXECTO SCIENTISTS MEET ARTISTS NA BIENAL DA REAL SOCIEDAD DE HISTORIA NATURAL

DUVI 10/09/2021

O proxecto de divulgación *Scientists meet Artists* desenvolvido polo Campus do Mar e o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo foi unha das propostas presentadas este xoves na XXIV Bienal da Real Sociedad de Historia Natural, que se está a celebrar en Valencia. [+info.](#)



## A FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN, PRIMEIRO CENTRO DA UVIGO QUE LUCIRÁ O DISTINTIVO DE IGUALDADE

M. DEL RÍO DUVI 15/09/2021

Na primavera, a Universidade de Vigo lanzou unha iniciativa pioneira en todo o panorama universitario español que ten por obxectivo recoñecer cun distintivo as escolas, facultades e centros de investigación máis igualitarias. Das 11 candidaturas recibidas, o xurado elixiu á Facultade de Filoloxía e Tradución para converterse no primeiro centro da UVigo en lucir esta distinción. [+info.](#)



## PRIMEIRO CONCURSO DE VÍDEOS 'MÓVETE POLOS ODS'

DUVI 15/09/2021

Dirixido a dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas e sensibilizar á comunidade universitaria, e á sociedade en xeral, sobre a importancia de que todas as persoas formen parte da solución aos grandes retos mundiais sobre as desigualdades, tanto sociais como de xénero, o cambio climático, a perda da biodiversidade, etc... [+info.](#)



Foto de grupo dos membros do proxecto

## CATRO SOCIOS EUROPEOS NA PROCURA DE FÓRMULAS PARA FOMENTAR O EMPRENDEMENTO FEMININO

DUVI OURENSE 16/09/2021

A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense acolle este xoves e venres a celebración do primeiro encontro presencial do proxecto europeo *Women Entrepreneurs in Action WE'RE IN!* (Mulleres Emprendedoras en Acción). Nel, socios de Francia, Alemaña, Bélxica e España, entre os que están a Universidade de Vigo e a Confederación Empresarial de Ourense (CEO), buscan fomentar o emprendemento desde unha perspectiva de xénero. [+info.](#)



Victoria Besada, Belén Rubio, Manuel Reigosa e Mónica Valderrama

## A G-NIGHT LEVARÁ AS 'CONCIENCIAS CREATIVAS' A RÚAS, MUSEOS, PARQUES E BARES

M. DEL RÍO DUVI 16/09/2021

A ciencia e coñecemento sairán dos laboratorios e as aulas o vindeiro venres, 24 de setembro, para trasladarase a rúas, museos, parques e bares para celebrar a Noite galega das persoas investigadoras, a G-Night. Esta iniciativa encherá as cidades de Vigo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo de actividades de divulgación científica. [+info](#).



Victoria Besada, Belén Rubio, Manuel Reigosa e Mónica Valderrama

## A UNIVERSIDADE SÚMASE EN PONTESÁN Á PROMOCIÓN DOS PIARES DUNHA VIDA SA

DUVI PONTEVEDRA 17/09/2021

Benestar emocional, alimentación e saudable, como os tres piares dunha vida sa, son tamén os eixos da II Feira da Saúde e o Benestar PonteSán, unha iniciativa impulsada pola Concellaría de Deportes, Actividade Física e Saúde do Concello de Pontevedra, coa colaboración da Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra. Máis de 30 asociacións e entidades sociosanitarias participan ao longo desta semana nunha actividade que ten como epicentro a carpa instalada na Praza de España, inaugurada no mediodía deste venres nun acto no que o tenente de alcalde e concelleiro de Deportes, Tino Fernández, estivo acompañado polo vicerreitor do campus, Jorge Soto, e o deputado provincial Gregorio Agís. [+info](#).



Alumnas e alumno galardoados na anterior edición dos premios cos seus diplomas acreditativos

## A UNIVERSIDADE PREMIA CON 500 EUROS OS MELLORES TRABALLOS FIN DE GRAO E MESTRADO RELACIONADOS COA AXENDA 2030 E A COOPERACIÓN

D. BESADÍO DUVI 21/09/2021

Por terceiro ano consecutivo a Universidade de Vigo volverá premiar con 500 euros ou o prezo da matrícula nalgún dos seus mestrados oficiais aos mellores Traballos Fin de Grao ou Traballos Fin de Mestrado realizados polo alumnado que se distingan por ser especialmente relevantes en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social. O prazo de presentación de solicitudes, que se realiza de forma telemática, está aberto ata o 30 de setembro. [+info](#).



Universidade de Vigo

Facultade de Dereito  
XUNTA DE GALICIA  
Cartaz da actividade

## ESPECIALISTAS DE OITO UNIVERSIDADES, MAXISTRADOS E AXENTES SOCIAIS ANALIZARÁN NUNHAS XORNADAS OS RETOS DA REFORMA LABORAL EN ESPAÑA

DUVI OURENSE 22/09/2021

Baixo o título *O dereito do traballo e da seguridade social: entre aplicación e transformación*, a Facultade de Dereito do campus de Ourense acollerá os días 30 de setembro e 1 de outubro unhas xornadas que reuniran un amplo panel de especialistas do eido académico, do sistema xudicial e axentes sociais para abordar os retos e reformas que afrontan na actualidade a contratación, as condicións de traballo, a seguridade social, a negociación colectiva e o despedido en España. [+info](#).

## VOLVE O ABONO MUVER CON ACCESO GRATUÍTO E DESCONTOS NAS INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA UVIGO

M<sup>a</sup> DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 22/09/2021

Acceso gratuíto ás instalacións deportivas da Universidade nos tres campus durante todo o seu horario de apertura: salas cardio - fitness, tenis de mesa, pistas de atletismo (Vigo e Ourense), pistas de tenis (Vigo e Ourense), rocódromo (Vigo) e bicicletas BTT (Vigo). Acceso gratuíto a actividades dirixidas: CORE, adestramento funcional, pilates, hiit, etc. Seguimento técnico dos programas de adestramento. E 20 % de desconto para as persoas da comunidade universitaria nas Escolas Deportivas e nas actividades puntuais no medio natural (Augaventura, Delecer e Rutas Culturais). [+info](#).



Infórmate e insíbete en [campusactivo.uvigo.gal](https://campusactivo.uvigo.gal)



## EVENTO IN CELEBRA NA UVIGO A DIVERSIDADE DA COMUNIDADE LGTBIAQ+

M<sup>a</sup> DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 23/09/2021

O momento actual de debate dos dereitos e do xeito de estar da comunidade LGTBIAQ+ na sociedade, “que nós cremos que ten que ser, obviamente, en igualdade de condicións xurídicas, pero tamén sociais, e é neste segundo eido onde a comunidade atopa máis obstáculos e os máis difíciles de remover”, detalla o doutorando da UVigo Antonio Villanueva, está na xénese da organización do Evento In, que a vindeira semana arrancará na Facultade de Filoloxía e Tradución. [+info](#).



Alumnas e alumno galardoados na anterior edición dos premios cos seus diplomas acreditativos





A actividade celebrouse de xeito presencial e virtual

## UNHAS XORNADAS AFONDAN NO APROVEITAMENTO SOSTIBLE DE BIOMASA VEXETAL E MARIÑA

DUVI OURENSE 24/09/2021

O grupo EQ2 da Universidade de Vigo celebrou este venres as súas *III Xornadas Biomasa e Desenvolvemento Sostible*. Nelas, investigadoras e investigadores deste grupo ou formados nel achegaron á comunidade universitaria as posibilidades que presenta o aproveitamento sostible de biomasa vexetal e mariña para a obtención de produtos de interese en sectores como o químico, o enerxético, o cosmético, o alimentario ou o farmacéutico. [+info.](#)



A inauguración reuniu diferentes autoridades e patrocinadores

## PONT-UP STORE REÚNE 40 REPRESENTANTES DUNHA “GALICIA INNOVADORA E CREADORA DE FUTURO”

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 24/09/2021

Un total de 40 novos proxectos empresariais, nados uns meses antes ou durante a pandemia, dan a coñecer este venres e sábado os seus produtos e servizos na oitava edición do [Pont-Up Store](#), o encontro do emprendemento promovido pola Universidade de Vigo, a través do Campus Crea, coa Concellería de Promoción Económica como patrocinador principal. [+info.](#)

## A NOITE NA QUE A CIENCIA TOMOU GALICIA

DUVI 24/09/2021

Nunca, como esta tarde- noite do 24 de setembro, estiveron as galegas e os galegos tan preto do coñecemento científico. A ciencia nas súas máis variadas expresións, saíu hoxe ao encontro da cidadanía, co gallo da G-Night, para ocupar espazos que lle son tradicionalmente alleos, convertendo a miles de persoas en Vigo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo en privilexiados “cómplices” e alumnos e alumnas do persoal científico das tres universidades e e centros de investigación de Galicia, que deu sobrada mostra das súas “Conciencias creativas”, lema da G-Night, que fai referencia á creatividade e a súa relación co coñecemento científico, a ruptura de estereotipos e a interdisciplinariedade. [+info.](#)



Un dos postos da feira do Tinglado do Porto de Vigo



As diferentes actuacións levaranse a cabo entre os anos 2021 e 2022

## A UVIGO RECIBE DA XUNTA 8 MILLÓNS DE EUROS PARA REFORZAR AS SÚAS ESTRUTURAS DE I+D+i E CONSOLIDAR O PROCESO DE DIXITALIZACIÓN

DUVI 24/09/2021

Universidade e Xunta de Galicia asinaron este venres dous convenios de colaboración polos que a institución académica viguesa vai recibir, entre o que queda de ano e o 2022, algo máis de 8 millóns de euros dirixidos a levar a cabo múltiples accións estratéxicas de I+D+i e a consolidar o proceso de dixitalización impulsado a raíz da pandemia. [+info.](#)

9



## O PROGRAMA AUGAVENTURA PROPÓN SETE XEITOS DE MOLLARSE NO OUTONO

DUVI 24/09/2021

O [programa Augaventura](#) regresa este primeiro cuadrimestre proponendo sete formas de mollarse agora que chega o outono. Esta proposta, organizada pola Área de Benestar, Saúde e Deporte, centralízase ao longo do mes de outubro, con diferentes datas e horarios para que tanto a comunidade universitaria como as persoas alleas a ela poidan achegarse a toda unha serie de actividades deportivas relacionadas co medio acuático. [+info.](#)

## FOTOGRAFÍA, GRAVADO, PIRAGÜISMO E ROBÓTICA EDUCATIVA RENOVAN A OFERTA DE OBRADOIROS DO CAMPUS

DUVI PONTEVEDRA 27/09/2021

*Energías renovadas!* é o lema co que se presenta a programación de obradoiros de Extensión Universitaria impulsada pola Vicerreitoría do campus para este primeiro cuadrimestre. Abertos tanto á comunidade universitaria como ao conxunto da cidadanía, trátase de sete talleres que se desenvolverán entre outubro e xaneiro e que desde este luns manteñen aberta a súa inscrición na plataforma [Campus Activo](#). [+info.](#)

Obradoiros de  
extensión universitaria  
1.º Cuadrimestre 2021/22  
Campus de Pontevedra



**Energías renovadas!**

Construcións sustentables, energías renovables e cultura de comunidade académica.  
Iniciativa de extensión universitaria con carácter educativo e formativo.  
Cada taller é un taller autónomo en procesos de ensino de aprendizaxe activa.

MATRÍCULA ABERTA ATA CUBRIR PRAZAS  
NOVOS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DO CAMPUS DE PONTEVEDRA



A programación arrancará o día 16 de outubro



CONCURSO DE IDEAS

# CREA

ECONOMÍA SOCIAL 2021

Desenvolve a vosa creatividade e presenta unha idea de negocio baixo a fórmula da economía social

Hasta as 14:00 h. do mércores 13/10/2021

[www.creeconomiasocial.com](http://www.creeconomiasocial.com)

**premios**

- 01 Mellor idea de negocio en artes, comunicación e creatividade
- 02 Mellor idea de negocio en educación, innovación social e acción pública
- 03 Mellor idea de negocio en deporte, saúde e benestar
- 04 Mellor idea de negocio en medio ambiente e natureza

**participantes**

Este concurso estará aberto a estudantes, Personal Docente e Investigador (PDI) e Personal de Administración e Servizo (PAS) do Campus Crea de Pontevedra e persoas emprendedoras en xeral.

## AS RUTAS CULTURAIS DA UVIGO RETOMAN A SÚA ACTIVIDADE

DUVI OURENSE 27/09/2021

Despois de parar a súa actividade debido á pandemia, as [rutas culturais](#) da Universidade de Vigo volven á palestra. A Área de Benestar, Saúde e Deporte organiza para este primeiro cuadrimestre catro andainas nas provincias de Ourense e Pontevedra que teñen como obxectivo volver a fomentar o hábito de camiñar e aprender camiñando. Como en anteriores edicións, a iniciativa está aberta á participación tanto da comunidade universitaria como da cidadanía en xeral. [+info](#).

## ÚLTIMOS DÍAS PARA PRESENTARSE AOS PREMIOS GIRLGEEKCOVID, QUE BUSCAN AS MELLORES ESTUDANTES STEM

DUVI 27/09/2021

A presenza de mozas nas titulacións STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics) segue a ser moi reducida xa que tan só un 25% das mulleres estudan este tipo de carreiras. Por iso, “incentivar, apoiar e fomentar” este tipo de estudos entre as estudantes é unha prioridade para a Cátedra de Feminismos 4.0 impulsada pola UVigo e a Deputación de Pontevedra, máis aínda cando se estima que no futuro o 90% dos traballos vai a pertencer a estes ámbitos. [+info](#).

## UNIVERSIDADE E AJE-PONTEVEDRA PREMIARÁN AS MELLORES IDEAS DE NEGOCIO LIGADAS Á ECONOMÍA SOCIAL E AO CAMPUS CREA

DUVI PONTEVEDRA 28/09/2021

No marco da [Rede Eusumo](#), impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social, a Universidade de Vigo e AJE-Pontevedra impulsan o concurso *Crea economía social 2021*, dirixido a premiar as mellores ideas de negocio baseadas nos principios da economía social e ligadas tamén a unha das catro áreas do Campus Crea. [+info](#).



## CATRO CONFERENCIAS PARA FACER UN MUNDO MÁIS SOSTIBLE A TRAVÉS DA LECTURA

DUVI OURENSE 29/09/2021

A Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense acollerá durante o mes de outubro unha nova edición do Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil, que nesta ocasión leva por lema *Para ler (n)un mundo sustentábel*. Ao longo de catro sesións, futuras mestras e mestres terán a oportunidade de dialogar con creadoras e creadores sobre a súa obra, centrándose nesta ocasión en como nelas se plasma o compromiso por acadar un mundo mellor. [+info](#).

## O POTENCIAL DA ENERXÍA RENOVABLE DAS ONDAS DO MAR, A ANÁLISE NO CAMPUS

DUVI OURENSE 29/09/2021

Este mércores a Facultade de Ciencias do campus de Ourense acolleu unha conferencia sobre o potencial da enerxía renovable das ondas do mar, ofrecida polo investigador da Universitat Politècnica de Catalunya Corrado Altomare. A conferencia, que levou por título *O futuro das renovables está no mar*, foi organizada polo Grupo Ephyslab (Environmental Physics Laboratory. Centro de Investigación Mariña-UVigo), que conta cunha liña de investigación centrada no modelado numérico que abrangue este eido. [+info](#).



A actividade celebrouse no edificio Politécnico


## COÑECER OS VIDEOXOGOS HOXE PARA CONVERTELOS NUNHA FERRAMENTA EDUCATIVA MAÑÁ

DUVI PONTEVEDRA 29/09/2021

*Gañando o futuro* é o título do obradoiro que nestas semanas coordinan no campus os responsables da Fundación Museo do Videoxogo de Galicia e no que buscan aprofundar no potencial destes produtos como unha ferramenta educativa con múltiples aplicacións. “Un dos obxectivos principais do curso é centrarse na importancia de anticiparse a ese futuro, asumindo que o videoxogo é un medio cunha amplísima penetración social e que, se empezamos coñecelos, poderemos darlle a oportunidade aos rapaces de achegarse a eles dunha forma correcta, desde o bo uso e as boas prácticas”. [+info](#).



Ciencias da Educación e do Deporte acolle o obradoiro 'Gañando o futuro'



Un intre da intervención da profesora do Departamento de Bioloxía da Universidade de Porto Isabel Sousa Pinto

## O II ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA DE SHERPA DO MAR FOMENTA AS SINERXÍAS ENTRE O TECIDO EMPRESARIAL E A COMUNIDADE CIENTÍFICA DA EURORREXIÓN

DUVI 29/09/2021

Co obxectivo de promover a transferencia de coñecemento no sector mariño-marítimo da Eurorrexión Galicia-norte de Portugal como fonte de mellora da competitividade, este mércores celebrouse a xornada central, de carácter divulgativo, o II Encontro Universidade- Empresa Sherpa do Mar. Expertas e expertos dos ámbitos marítimo-mariño centraron as súas intervencións en liña nesta ocasión na innovación e o emprendemento. [+info](#).



A iniciativa enmárcase no proxecto de investigación 'Retos para un mercado de traballo equitativo e aberto á competencia no contexto da nova economía'

## UNHAS XORNADAS AFONDAN NOS RETOS DO DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL ANTE A PRÓXIMA REFORMA LABORAL

DUVI OURENSE 30/09/2021

Especialistas de oito universidades, maxistrados e axentes sociais analizan este xoves e venres na Facultade de Dereito do campus de Ourense os retos do dereito do traballo e da seguridade ante a próxima reforma laboral en España e a xurisprudencia da sala do social do Tribunal Supremo. A cita, que leva por título *O dereito do traballo e da seguridade social: entre aplicación e transformación*. [+info](#).



Pontevedra acolle o V Congreso Nacional da Asociación Española de Bioseguridad

## PRETO DE 120 ESPECIALISTAS EN BIOSEGURIDADE DEBATEN EN PONTEVEDRA COMO FACER FRONTE Á PRESENTE E ÁS FUTURAS PANDEMIAS

DUVI PONTEVEDRA 30/09/2021

A pandemia da covid-19 situou en primeiro plano o concepto de bioseguridade, que fai referencia a toda unha serie de normas, tecnoloxías e procedementos que se aplican para previr a exposición non intencionada a axentes biolóxicos e toxinas e que constitúe o eixo central do congreso que a Asociación Española de Bioseguridad (AEBioS) inaugurou este xoves en Pontevedra. [+info](#).

---

## UNIVERSIDADE DE VIGO

### **Unidade de Análisis e Programas.**

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640